



ESCOLA DE ATLETISMO
CEIP VIDAL PORTELA



1. Introducción

Neste documento expóñense as cuestións referidas ao funcionamento da escola de atletismo do **CEIP Vidal Portela**, densenvolta para o curso 2026-2027 pola **Sociedad Gimnástica de Pontevedra**.

A actividade ofértase para **nenos e nenas** de entre **6º curso de Educación Infantil e 6º curso de Educación Primaria**. O **obxectivo** principal será **desenvolver a súas capacidades**, físicas, cognitivas e socioafectivas a través das diferentes técnicas do atletismo, mantendo o traballo de **valores** transversais da etapa educativa, coma o **esfuerzo**, a **superación**, o **compañeirismo**, etc.

Todos/as os/as participantes na actividade, salvo os de 1º curso de EP, estarán dados de alta no **Programa Xogade da Xunta de Galicia**.

Grupos de idade, instalación, horarios e número de prazas.

ESCOLA DE ATLETISMO CEP CAMPOLONGO				
Curso	Ano Nacemento	Instalación	Horario	Prazas
6º EI 1º EP	2019-2020	Pistas Polideportivas Colexio	Luns-Mércores 16:30-17:30	20
2º - 3º EP	2017-2018	Pista de atletismo do CGTD	Luns-Mércores 16:30-17:45	20
4º - 5º - 6º EP	2014-2015-2016	Pista de atletismo do CGTD	Martes-Xoves 17:30-18:45	20

Os adestramentos **comezarán** o xoves **1** de **outubro**, e **finalizarán** o xoves **27** de **maio**. Os adestramentos seguirán o **calendario escolar**, de forma que, nos días e/ou períodos **non lectivos**, **NON** **habará adestramentos**.

2. Traslado á instalación

O desenvolvemento da actividade, a **partir de 2º de Educación Primaria**, levarase a cabo nunha **instalación allea ao Centro (Pista de Atletismo do Centro Galego de Tecnificación Deportiva)**. Os nenos e nenas que estean inscritos no comedor, e se inscriban na actividade, serán recollidos no Centro por un (ata doce) ou dous monitores



ESCOLA DE ATLETISMO CEIP VIDAL PORTELA



(ata vinte nenos e nenas). Aqueles nenos e nenas que non sexan usuarios do comedor escolar, terán que esperar ao grupo na entrada do Centro Galego de Tecnificación Deportiva, entrando todos xuntos ás 16:45h.

Os nenos e nenas serán entregados as súas familias ás 17:45h na entrada do CGTD.

3. Inscricións

A **inscrición** na actividade realizarase no **mes de setembro**, a través da app Cluber, dándose de alta e inscribíndose no grupo “**Atletismo CEIP Vidal Portela**” ou “**CEIP Vidal Portela AMPA**”, si se pertence a AMPA do centro. Para inscribirse pódese seguir a seguinte ligazón:

<https://app.cluber.es/clubes/238c438fcb7b548f726628a36f0b8074395fb0b/inscripcion>

As prazas cubriranse por rigorosa **orde de inscrición** (data e hora), tendo preferencia os nenos inscritos na actividade no curso pasado.

O custe da actividade serán **24€ mensuais** de outubro a maio, que se pasarán periódicamente cada día 5 do mes corrente na tarxeta de crédito/débito introducida na **app Cluber**.

Grupo	Prezo mes	Prezo mes AMPA
6ºEI 1º EP	20 €	17€
2º 3º	24 €	19 €
4º 5º 6º	24 €	19 €

NOTA: Para membros do AMPA coas contas ó día haberá un desconto no prezo da actividade.

Si houbera prazas libres, poderíanse dar altas durante o curso. Do mesmo xeito, os nenos que queiran deixar a actividade durante o curso, polo motivo que sexa, só pagarán os meses que asistiron aos adestramentos.

Para **formalizar a inscrición**, entregárase ao adestrador correspondente **ao inicio** da actividade:

- ✓ **Fotocopia do DNI** do/da participante na actividade, si se ten.
- ✓ **Fotocopia do DNI** do pai /da nai / titor legal do/a menor.
- ✓ **Fotografía** tamaño carné, en formato dixital do/da participante na actividade.
- ✓ **Número de teléfono** do pai /da nai / titor legal do/a menor.



ESCOLA DE ATLETISMO

CEIP VIDAL PORTELA



- ✓ **Fotocopia da tarxeta sanitaria** ou seguro substitutivo.

4. Actividades complementarias OPTATIVAS

a. Competicións do XOGADE

Organizadas pola Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, para os nenos/as con idades comprendidas entre os 7 e 15 anos. Estas competicións seguirán a normativa XOGADE: <http://xogade.xunta.gal/>. A modo resumen, indicar que durante outono-inverno celébranse as competicións de campo a través; e na primavera, o atletismo en pista.

- **Campo a través:** realízase unha competición clasificatoria para o campionato provincial de libre participación. A continuación, no campionato provincial só poderán participar aqueles clasificados de acordo aos criterios establecidos polo XOGADE. Unha terceira proba sería o Campionato Galego (alevíns en adiante), que seguiría o mesmo sistema de clasificación.
- **Atletismo en pista:** a partir do mes de marzo celébranse competicións de libre participación no CGTD de Pontevedra, clasificatorias para o campionato provincial. No campionato provincial, unicamente poderán competir aqueles/as atletas clasificados/as de acordo cos criterios establecidos polo XOGADE.

5. Seguro deportivo

Os atletas da escola de **2º a 6º curso** estarán dados de alta no programa **XOGADE** da Xunta de Galicia e **contarán con seguro deportivo, cubrindo** aquelas **lesións accidentais producidas durante os adestramentos** durante todo o período da actividade. Os atletas de **6º Educación Infantil e 1º curso** terán que dispor de **tarxeta sanitaria** ou seguro substitutivo.